

## HISTORIA. 4º CURSO

### 6. CRITERIOS DE AVALIACIÓN XERAIS

Coñecer, analizar e valorar os cambios que, no ámbito político, social, económico e intelectual, caracterizan á modernidade europea e internacional, relacionándoos cos propios da historia de España e de Galicia.

Enumerar as transformacións do século XVIII, incidindo nas propias do reformismo borbónico en España e América.

Distinguir os cambios políticos que conducen á crise do Antigo Réxime e ás revolucións liberais, así coma a súa repercusión en España e Galicia, destacando as dificultades para a construción do estado liberal.

Comprender as transformacións socioeconómicas que acompañan a Revolución industrial, así coma os acontecementos máis relevantes que explican o protagonismo de Europa durante a época do Imperialismo, as súas consecuencias e o seu declive.

Caracterizar os feitos da primeira metade do século XX e, de xeito específico, os que afectaron a España e a Galicia.

Comprender as profundas transformacións operadas despois da Segunda Guerra Mundial, destacando a visión do mundo en bloques e as características esenciais de cada un deles, o proceso de integración europea e os problemas derivados da descolonización.

Subliñar a transcendencia da construción europea e a participación de España neste proceso. Valorar os principios e as institucións básicas dos sistemas democráticos e recoñecelos na vixente Constitución española. Situar a Constitución de 1978 dentro do proceso da transición democrática, destacando a súa proxección na vida pública e na articulación territorial do Estado.

Analizar os cambios máis recentes operados no panorama político internacional identificando, valorando e debatendo de modo crítico os principais problemas morais do mundo actual, así como as diferentes posicións éticas que manifestan.

### 7. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

- ❖ **Avaliación da actitude positivas, comportamento activo e participativo na clase 10%.**
- ❖ **Avaliación dos contidos: 70%.**
- ❖ **Avaliación dos traballos individuais e en grupo: 20%.**

Probas específicas de avaliación:

O obxectivo destas probas é constatar si o alumno aprendeu e é capaz de aplica-los conceptos e ou técnicas concretas de cada tema, bloque temático ou globalidade.

Nestas probas farase referencia ós contidos desenvolvidos nos temas anteriores, relacionados cos novos para evitar romper a unidade das materias e compartimentar a aprendizaxe. **Seguirase un proceso de avaliación continúa dos contidos. Nun proceso de Avaliación sumativa**

**Cada avaliación constará de a lo menos dous controis de seguimento do coñecemento da materia desenvolto durante o periodo da avaliación, e un control final ,ou exame de avaliación, onde se integrarám todos os contidos dados o longo da avaliación e avaliacións anteriores.**

. O alumno poderá recuperar a nota de contidos non aprobados nos controis sucesivos cun 5 no exame de avaliación ,sempre que a nota dos controis sexa superior a **3,50**. De non ser así terá que acadar unha nota media superior ao 6 para acadar o aprobado nestas probas.

-O alumno que non aprobe a avaliación , unha vez valorados todos os criterios, terá que realizar exercicios de reforzo e recuperación dos contidos non acadados.